

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CENTRO:

CEIP CASÁS

Presentada ao consello escolar: 17/10/2017

Avaliada polo consello escolar:17/10/2017

Aprobada polo claustro nos aspectos docentes:17/10/2017

Remitida á inspección educativa: 18/10/2017

DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro: CEIP

Denominación oficial: CEIP CASÁS

Código do centro: 27013673

Provincia: LUGO

Enderezo: r/ Orquídea Nº 63

Código Postal: 27004

Teléfono e Fax: 982870483 e 982870488

N.I.F: Q 2768005G

Dirección de correo electrónico: ceip.casas@edu.xunta.es

Páxina Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipcasas

Curso 2017/18

Lexislación onde se reflicten os apartados que deben aparecer na PXA:

Decreto 374/1996 art. 98.

Orde do 22 de xullo de 1997. CAP I Apdo 3)

Decreto 105/2014

Decreto 79/2010

Decreto 229/2011 (Art. 11.4 e 11.5)

Decreto 8/2015 (Art. 11.5)

Resolución do 25 de abril de 2017

1.CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

• Modificación do PEC:

O Proxecto Educativo será revisado para adaptalo á normativa vixente e aos posibles cambios de cara ao actual curso. Un dos obxectivos prioritarios será o fomento da educación para a igualdade e a coeducación que evite unha transmisión estereotipada de papeis entre os sexos, para evitar as actitudes de machismo no seo da comunidade educativa e a corrección dos comportamentos sexistas (regulado polos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, DOG 03/08/04)). Así mesmo deberanse revisar os documentos que forman parte do PEC: proxecto lingüístico, proxecto lector, plan de convivencia escolar, plan de atención á diversidade. Elaboraremos o proxecto de Biblioteca e incorporárase o Proxecto de introducción da Robótica Educativa

• Obxectivos específicos para o curso 2017/2018:

- Fomentar a colaboración familia-escola
- Potenciar no alumnado sentimentos de paz, solidariedade e cooperación
- Traballar cara unha educación comprensible e sensible ás diferencias individuais.
- Xestionar os recursos humanos de xeito máis racional posible.
- Facer as xestións necesarias para a mellora e mantemento das instalacións docentes.
- Manter unha actitude de renovación pedagóxica constante
- Manter unha actitude aberta as TIC
- Adquirir o alumnado o dominio de dúas linguas
- Fomentar o pensamento científico no alumnado
- Proporcionar e manter recursos e espazos facilitadores da aprendizaxe
- Favorecer a transición e coherencia educativa entre os distintos cursos e etapas
- Promover a participación de alumnos, profesores, familias e demais membros da comunidade educativa nas actividades extraescolares
- Introducir a robótica en Educación Primaria, é o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Mellorar os recursos tecnolóxicos, introducindo ou renovando, se é o caso.
- Seguir colaborando coa Facultade de Formación do Profesorado admitindo alumnado de prácticas.

- Actualizar o Plan de Convivencia e a súa adecuación ao Decreto 08/2015 sobre convivencia escolar.
- Fomentar a formación do profesorado impartindo seminarios, PFPP e cursos no centro.

- **Actividades previstas para acadar os obxectivos propostos**

- a) **Alumnado**

- Organizar actividades de acollida a principio de curso.
- Planificar entrevistas individuais con alumnos/as cando o precisen.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia e a integración.
- Realizar visitas e saídas en horas lectivas contempladas na PXA.
- Levar a cabo actividades para a integración e socialización do alumnado, asegurando a non discriminación por razón de xénero, raza, relixión ou medio socioeconómico ou cultural do alumnado

- b) **Profesorado**

- Consensuar un Plan de Acción Titorial.
- Preparar, coordinar e moderar as sesión de avaliación
- Favorecer a participación do profesorado nos plans de formación permanente
- Realizar reunións por ciclos e niveis.

- c) **Pais/nais**

- Realizar reunións grupais, sendo unha a principio de curso
- Organizar actividades extraescolares en colaboración con nais/país
- Traballo do equipo directivo coa ANPA
- Traballo das titorías coas familias.

- **Recursos dispoñibles para acadar os obxectivos propostos**

- De tipo bibliográfico: Biblioteca xeral e bibliotecas de aula
- De tipo audiovisual: O centro está provisto de wifi (en proceso de reforma) o que permite que en todas as aulas poda facerse uso de internet. Todas constan ademais proxector, pantalla e sistema de audio. Hai pizarra dixital en 5 aulas de E.P, 2 aulas de E.I., 1 aula de TXD e na aula de Informática. O centro consta de tablets para alumnos con n.e.e. e 5 ordenadores portátiles para o seu uso nas aulas. A biblioteca do centro está tamén dotada de dous ordenadores e proxector nos que o alumnado poderán recoller información seguindo a normativa de uso que se lles facilita.
- Aulas específicas: Informática (15 ordenadores e 1 impresora 3D); Música (1 ordenador e proxector); Aula de PT (1 ordenador e impresora); Aula de Apoio (1 ordenador e impresora), Aula de TXD (1 ordenador, impresora e pizarra dixital),

Aula de AL (1 ordenador e impresora), Aula de Relixión Católica (1 ordenador e proxector), Aula de Relixión Evanxélica (1 ordenador e impresora).

- Outros: Laboratorio, polideportivo e amplas zonas verdes.

- Recursos humanos: persoal docente (36 profesores/as) e persoal non docente (9 persoas).

- Recursos ambientais: ascensor, rampas,.....

- **Concreción anual do Plan de Convivencia**

Obxectivos

- Establecer no seo do claustro un Equipo de Traballo para a Dinamización da Convivencia no colexio.
- Elaborar un diagnóstico de prioridades en materia de convivencia.
- Avaliar a idoneidade dos documentos con que conta o centro en materia de convivencia.
- Elaborar “resumos executivos” e protocolos que faciliten un tratamento eficaz dos diferentes aspectos relacionados coa convivencia no colexio.
- Establecer actuacións concretas de mellora en relación coa convivencia. Ámbitos de actuación: preventivo, de sensibilización, curricular, organizativo e de coordinación do profesorado.

Necesidades e Recursos.

En principio non se contemplan máis necesidades que a dispoñibilidade horaria dos membros do grupo de profesorado máis directamente implicados na dinamización da convivencia no colexio.

Accións que se manteñen do curso anterior

1. PROGRAMA “DEREITO A XOGAR”

Descrición: O tempo de lecer do alumnado pode contribuír a mellorar as aprendizaxes e a calidade das relacións emocionais das nenas e nenos, tamén debe colaborar na redución das tensións da xornada escolar.

Durante o tempo de lecer do alumnado organízanse zonas de xogo por niveis no pavillón, na pista de cemento en outros espazos docentes; traballando o deporte, os xogos, e a expresión corporal.

Obxectivos:

- Colaborar na construción dun lecer saudable, alternativo e creativo.
- Mellorar as relacións entre o alumnado do colexio.

- Ofrecer alternativas de ocio ao alumnado no tempo de lecer e favorecer a saúde física e emocional.
- Contribuír ao recoñecemento das normas básicas de respecto imprescindibles para unha boa convivencia.
- Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais no alumnado.
- Favorecer a creación de espazos de convivencia positiva no colexio.

Este curso tentaremos ampliar a distribución de espazos de xogo aos espazos de xogo de E. Infantil.

Responsables: Equipo docente da materia de Educación Física.

Horario: O programa desenvólvese durante o tempo de lecer do alumnado. Diariamente de 12:15 a 12:40.

Ademais deste horario o profesorado responsable debería poder priorizar as tarefas necesarias para o desenvolvemento deste programa no seu horario de gardas de clase. Iria Fernández o xoves a 1ª hora e Juan Cuba os martes a 3ª hora.

Recursos: Cumpre solicitar da dirección do colexio os recursos necesarios para o pintado de zonas de xogo na pista de cemento (un necesidade que xa foi considerada anos atrás) así como para a renovación do material de educación física e a adquisición de novos elementos de xogo. Estas necesidades serán concretadas ao longo do 1º trimestre do curso.

Avaliación: A avaliación do programa realizarase na Memoria Final do curso dentro do apartado de Educación Física.

Accións a implantar neste curso.

Serán as derivadas do diagnóstico de prioridades que se realizara no comezo do curso.

Responsable de convivencia. Horario e plan de traballo.

Juan Cuba Alonso disporá de 4 horas dentro do seu horario lectivo para a dinamización. Luns 3ª, martes 3ª, mércores 4ª, venres 3ª. Coordinación coa Xefatura de Estudos: Martes 2ª hora en horario de Garda de Clase.

Tarefas prioritarias: Coordinar as actuacións do grupo e do equipo de dinamización da convivencia e impulsar as accións necesarias para acadar os obxectivos previstos.

Grupo de traballo para a dinamización da convivencia no colexio.

Esta formado por Ana Isabel Trigo, Ana María Iglesias, Ramón Vázquez e María Isabel Gayoso. Horario de convivencia: Ana Isabel Trigo e Ana María Iglesias: Venres 2ª en horario de garda de clase. Ramón Vázquez e María Isabel Gayoso: Venres 4ª hora en horario de apoio e garda de clase respectivamente.

O grupo de traballo ten previstas reunións semanais en horario de coordinación do profesorado: Martes de 17:00 a 18:00 horas. Co obxecto de priorizar as actuacións de mellora en materia de convivencia e salvo días puntuais, os membros do grupo de traballo non asistirán a outras xuntanzas de coordinación do profesorado.

Tarefas prioritarias: Planificar, impulsar e executar actuacións concretas de mellora encamiñadas á consecución dos obxectivos previstos e coordinar as actuacións en materia de convivencia dos equipos docentes de cada etapa e nivel educativo.

Equipo de dinamización da convivencia.

Ademáis do responsable de convivencia e dos integrantes do grupo de traballo o equipo de dinamización estará formado por Belén Díaz, Marta Fernández, Iria Fernández, María Isabel Ferreiro, María Ángeles Ferreiro, María García, Begoña Gayoso, Marta Lamas, María Luz López, María de los Ojos Grandes López, Concepción Martín e María José Quijada.

Reunións mensuais, o segundo martes de cada mes en horario de 17:30 a 18:00. As seis xuntanzas previstas ao longo do curso servirán para facer a posta en común das propostas e materiais elaborados polo grupo de traballo.

- **Concreción anual do Plan Xeral de Atención á diversidade. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE**

1-INTRODUCCIÓN

A orientación educativa é unha parte fundamental do proceso educativo, entendida como un conxunto de accións formativas e actividades dirixidas a un amplo abano de profesionais e paraprofesionais coa finalidade de planificar e mellorar o desenvolvemento das capacidades e competencias no ámbito específico dos centros escolares, verbo de facilitar unha adecuada integración persoal, educativa e socia do alumnado.

A acción orientadora, coordinada polo DO é tan complexa como a propia actividade docente, polo que abrangue moitos aspectos, teorías, modelos, enfoques, paradigmas, técnicas e habilidades intrínsecas ao rol do/a orientador/a, debendo entenderse dende varias perspectivas, inseparable da educación, psicoloxía e pedagogía, aportando unha base científica, conceptual, procedemental e metodolóxica requirida por toda disciplina. Todo isto, supón artellar, vencellar e actuar co conxunto da comunidade educativa, apoiando aos escolantes, discentes e familias, tendo presente a ideosincrasia, recollendo, recompilando e analizando a información precisa para podermos planificar as intervencións conxuntas e individuais prioritarias, comunicando os datos máis relevantes e salientables, co adaxo de adecuar a/s atención/s e aprendizaxe/s a cada caso concreto.

Alén disto, deberá ser tida en conta no conxunto das decisións do CEIP Casás.

2-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO SOCIAL, ESCOLAR E LEXISLACIÓN

2.1-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO SOCIAL

O CEIP Casás está situado na periferia do Concello de Lugo, nos barrios da Abella e Casás, sendo a zona de influencia moi ampla e abrangue as seguintes localidades: Cheda, Saamasas, Lamas de Prado, Fonte dos Ranchos, Residencia, ademais das parroquias de Hombreiro, San Vicente de Pías, San Xoán de Tirimol, Santiago de Meilán, Bocamaos, Camoira, San Salvador de Outeiro, Santa María Alta, San Vicente do Veral,

San Miguel de Orbazai, Vilachá de Mera, Santa Eulalia de Bóveda, Prólago, Postomillos, San Miguel de Bacurín, Torible e San Pedro de Mera.

O alumnado transportado representa unha porcentaxe mínima e acoden ao centro empregando catro liñas de autobús.

O contexto socioeconómico e cultural é medio-baixo, polo que o centro debería ser un referente para fornecer accións que posibiliten o proceso de ensino-aprendizaxe e a convivencia, pois a maioría soamente teñen estudos primarios e escasas expectativas de éxito condicionando a evolución académica dos/as fillos/as.

2.2-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ESCOLAR

O CEIP Casás está no barrio de Casás, na Rúa Orquidea 63.

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO CENTRO EDUCATIVO

Arestora o centro conta con catro edificios independentes, un pavillón cuberto, horto escolar, zonas axardinadas, patios de recreo e aparcadoiro.

O DO está situado na planta baixa, co gallo de que sexa accesible a toda a comunidade educativa.

ORGANIGRAMA DO CENTRO EDUCATIVO

O CEIP posúe dezoito unidades, se ben hoxe funcionará con vinte e unha, onde sete son de educación infantil, trece de educación primaria e unha de educación especial.

Docentes: cadro de persoal

E. INFANTIL	1	PROVISIONAL	8	DEFINITIVAS
E. PRIMARIA	3	PROVISIONAIS	10	DEFINITIVAS/OS
L.I NGLESA			2	DEFINITIVAS
E. FÍSICA	1	PROVISIONAL	1	DEFINITIVO
E. MUSICAL			1	DEFINITIVA
RELIXIÓN CATÓLICA			1	DEFINITIVA
RELIXIÓN EVANXÉLICA			1	DEFINITIVA
PT	1	PROVISIONAL	1	DEFINITIVA
AL	1	PROVISIONAL		DEFINITIVO
DIRECTORA	1	PROVISIONAL		
ORIENTADORA			1	DEFINITIVA
TOTAL	8		26	

Composición do Departamento de Orientación

Coordinadora de E. Infantil- María José Quijada Fernández

Representante de 1º de E. Primaria- María José Cruz Dorado

Representante de 2º de E. Primaria- María Norma Blanco Cervo

Representante de 3º de E. Primaria- Fe Iobera Testa

Representante de 4º de E. Primaria- Ramón Vázquez Díaz

Representante de 5º de E. Primaria- María José Castro López

Representante de 6º de E. Primaria- María Isabel Gayoso Díaz

Mestra especialista de PT- Luísa Arias Arias
 Mestre especialista de AL- José Antonio Cabana Rouco
 Mestra especialista de PT- María Isabel Ferreiro Rodríguez
 Mestra especialista de PT-Aula TEA - María García Pazos
 Mestra especialista de AL-Aula TEA- Marta Fernández Ferreiro
 Xefa do Departamento de Orientación- Begoña Gayoso García
Persoal non docente
 Conxerxe, auxiliar administrativo, persoal de cociña e limpeza.
 Alumnado

EDUCACIÓN INFANTIL					EDUCACIÓN PRIMARIA			
4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
44	50	75	48	49	45	55	49	43
TOTAL: 169					TOTAL: 289			

Reunións do Departamento de Orientación

No CEIP Casás relizaranse as preceptivas xuntanzas mensuais o 2º martes de cada mes para establecer directrices xerais, sempre e cando sexa lectivo, segundo se reflicte na PXA.

A xefa do DO reunirase individualmente cos/coas PT e AL unha hora semanal, por mor de solventar continxencias que atinxen ao ANEAE, constando dita reunión no horario. Ademais de ser preciso, convocaremos reunións extraordinarias e/ou sectoriais co/as titores/as e representantes da comunidade educativa, para acadarmos un maior grao de efectividade no tratamento das NEE.

2.3-XUSTIFICACIÓN BASEADA NA LEXISLACIÓN

Toda a lexislación vixente de educación infantil, primaria e ANEAE.

3-OBXECTIVOS

1-Formar no seo do DO un equipo de traballo cohesionado e capaz de integrarse na estrutura do centro, coordinando, apoiando e ofrecendo soporte teórico e técnico ás actividades realizadas no devandito centro.

2-Favorecer os procesos de madureza persoal, da propia identidade e sistema de valores, revalorizando as potencialidades individuais e fornecendo a motivación, verbo de fomentar e aumentar a capacidade de regulación, autocontrol, autoconcepto e autoestima positiva.

3-Contribuír á personalización da educación, ao seu carácter integral, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa, unha educación individualizada, referida a alumnos/as concretos/as, con aptitudes e intereses diferenciados, preparándoos cara á toma de decisións responsables.

4-Prever dificultades de aprendizaxe e problemas educativos, anticipándose a eles, evitando no posible o abandono, fracaso, conflitos, en ocasións, inicio da inadaptación escolar e social.

5-Deseñar, planificar e desenvolver medidas de carácter organizativo, curricular e relacional para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas que dean resposta ás necesidades individuais e grupais detectadas.

6-Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

7-Organizar medidas de atención ao ANEAE para contribuír á consecución das competencias clave e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.

8-Optimizar a organización e distribución dos recursos para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular do ANEAE, solicitando aqueles que sexan prescritivos para atender necesidades prioritarias.

9-Establecer procedementos para a escolarización e atención ao alumnado procedente do estranxeiro.

10-Propiciar o adecuado desenvolvemento da acción titorial, tendo presente a realidade de cada titoría, na procura de ser a canle idónea para a consecución das metas establecidas nas diferentes áreas e ámbitos de actuación.

11-Proporcionar apoio psicopedagóxico a todos os/as discentes, especialmente aos que presenten NEE. *Ademais de* participar na realización das avaliacións psicopedagóxicas seguindo o protocolo establecido para axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, mediante as oportunas MAD: RE, AC, PER, PA e intervención axeitados.

12-Apoiar e reforzar a formación instrumental básica, tanto no aspecto competencial como no ámbito cultural e de valores, colaborando en funcións de consulta, asesoramento e información dentro/fóra do centro.

13-Impulsar e contribuír á axustada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: docentes, alumnado e familias, propiciando a solidariedade, cooperación, tolerancia, pluralidade, respecto polos demais, valores...

14-Elaborar liñas que promovan unha cooperación positiva entre a familia e a escola, potenciando a asistencia ás reunións informativas grupais e individuais, tratando de implicalos activamente no proceso de A-E e na procura dunha estreita colaboración nas diferentes etapas educativas.

15-Instituír os mecanismos oportunos para garantir unha axeitada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titoras/es, especialistas e servizos alleos ao centro educativo.

16-Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema educativo para dar unha resposta axeitada á diversidade presente nas aulas e nos centros educativos, potenciando o desenvolvemento das competencias e capacidades.

17-Participar no desenvolvemento de seminarios, xornadas, programas plans e proxectos por temática/s ou especialidades que promovan os CFR; EOE, IES, Concello, Xunta, sindicatos e outros.

4-IDENTIFICACIÓN, VALORACIÓN E ANÁLISE DE NECESIDADES

A identificación das necesidades e o auténtico punto de partida para que a Concreción do PXAD sexa operativo e realizarse como mínimo nunha triple vertente:

-Centro educativo: o CEIP Casás localizado na periferia de Lugo, sendo unha zona desfavorecida a nivel socioeconómico e con gran número de necesidades derivadas desta idiosincrasia, polo que cómpre incluír nos documentos prescritivos do centro aspectos que concreten MAD, tamén se fará o mesmo cos documentos propios da aula.

-Profesorado: os/as docentes para atender ao alumnado con NE debería ser incrementado para poder atender os casos en función das necesidades tanto do ANEAE como de todo o alumnado.

-Alumnado: este procede da zona de Casás e da contorna rural, sendo o número elevado, nun 9% de minorías étnicas, cunha porcentaxe ampla de ANEAE dentro das aulas ordinarias e a da aula TEA.

Deseguido faremos un breve resumo das necesidades existentes e probables:

1-Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE)

-Discapacidade física, psíquica, sensorial e/ou plurideficientes.

-Trastornos graves de personalidade e conduta.

-Alumnado con TDAH ou TDA

-Alumnado con DEA: discalculia, disgrafía, disortografía ,dislexia e outras.

-Alteracións na linguaxe e comunicación

Trastornos da fala

Articulación: dislalias, disglosias e disartrias.

Fluidez verbal e ritmo da expresión: disfemias, taquilalia e bradilalia.

Voz: disfonias tónicas e hipertónicas, rinofonias abertas e pechadas.

-Trastornos da linguaxe: ASL e trastorno da linguaxe (TEL)

Trastornos da comunicación: TEA.

-Trastorno da ansiedade: mutismo selectivo.

2-Alumnado con DA afecta a diversas áreas do currículo.

3-Alumnado cun nivel de competencia curricular baixo.

4-Alumnado con necesidades de compensación educativa e en risco de exclusión social.

5-Alumnado hospitalizado e con atención domiciliaria.

6-Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

7-Alumnado sometido a medidas de protección e tutela

8-Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar-Bullying.

9-Alumnado con alto grao de absentismo, con risco de abandono escolar temperán e desescolarización.

10-Alumnado pertencente a familias itinerantes.

11-Alumnas escolarizadas no centro embarazadas.

5-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E ACTIVIDADES

5.1-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS E COLEXIADOS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

-Desenvolver funcións relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

-Detectar e valorar as NE no ámbito da orientación coa finalidade de deseñar, instaurar e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

-Idear de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas da Concreción Anual do PXAD do centro, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, tratando de ofrecerlles o soporte técnico para o devandito desenvolvemento.

-Participar asesorando na elaboración, seguimento e avaliación do PEC, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao ANEAE e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

-Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas da vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou con maior dificultade.

- Elaborar a proposta de Concreción anual do PXAD, que deberá formar parte da PXA, así como a Memoria final, establecendo as pertinentes propostas de mellora.
- Identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado, deseñando accións e plans de prevención, conforme NE.
- Asesorar, informar e implicar ao Equipo Docente no referente ás seguintes cuestións: agrupamentos, principios metodolóxicos, organización espazo-temporal e recursos.
- Colaborar cos Equipos Docentes no deseño e implantación de medidas que favorezan o enriquecemento persoal, social e cognitivo do alumnado, tendo en conta os apoios que puideren precisar.
- Promocionar a educación intercultural e establecer Plans de acollida ao alumnado, especialmente cando este proceda do estranxeiro e descoñeza a nosa lingua, sempre dentro dun plan integral.
- Cooperar cos membros dos EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación dos programas de orientación.
- Deseñar, en colaboración co EOE e con outras institucións liñas e protocolos de actuación para levar a cabo accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas ás necesidades educativas e de apoio específicas tanto de carácter preventivo coma compensador que puideren precisar.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, conforme á normativa ao respecto e asesorar na toma de decisións referentes á atención á diversidade, axustando a resposta educativa ás necesidades concretas.
- Participar no deseño das MAD, revisando e/ou modificando as medidas de apoio que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou integración.
- Asesorar na planificación e implantación de Programas específicos de aprendizaxe para o alumnado inmigrante e o demais alumnado do centro, coa finalidade de profundizar no coñecemento da lingua e cultura do noso país, CCAA e activar o protocolo establecido cando detectemos carencias no dominio dos coñecementos instrumentais básicos.
- Incluír dentro do PAT, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha comunidade participativa e democrática, favorecedora dun clima de convivencia e de respecto, valorando outras formas diferentes de pensar e sentir entre as persoas e as culturas diversas.
- Cooperar co profesorado na adquisición e no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que propicien unha aprendizaxe totalmente independente, autónoma e crítica para aumentar as competencias e capacidades do alumnado, fornecendo o traballo individual e en equipo.
- Comprometerse cos Equipos Docentes para favorecer a valoración do esforzo no traballo e potenciar a aprendizaxe das áreas ou materias que por teren carácter instrumental facilitarán a adquisición doutros contidos e competencias curriculares.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), no campo da orientación e do asesoramento, empregando o ordenador e a competencia dixital para pór en marcha estratexias adecuadas a cada caso.
- Axudar ao alumnado no ámbito das súas competencias a buscar información que precisen, co obxecto de que adopten decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro académico e persoal, despois de escoitaren ao/s adulto/s correspondente/s.

- Deseñar e desenvolver o Programa para a adquisición de competencias e habilidades sociais no que se impliquen todos os axentes, en especial o Equipo Directivo.
- Informar ao claustro das accións que se pretender poñer en marcha e os obxectivos que se pretenden acadar.
- Buscar un equipo de profesorado motivado e implicado no proxecto para traballar neste eido ao abeiro da normativa vixente.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Representar ao Departamento de Orientación na CCP.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do Departamento.
- Responsabilizarse da redacción do Plan anual e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da Memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar avaliacións psicopedagóxicas do seu centro, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das MAD conforme o procedemento e os criterios establecidos no PEC e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar as accións dos profesores de apoio na atención do ANEAE, elevando á xefa de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación para o desempeño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Formar parte da Comisión de Coordinación da Avaliación de Diagnóstico.
- Incluír Plans individuais e Programas específicos dos casos de absentismo.
- Coordinarse coa directora, xefa de estudos e os/as titores/as.
- Colaborar con outros servizos e institucións estatais, autonómicas e locais.
- Contactar a miúdo coas familias, co adaxo de orientalos e informalos para se impliquen no proceso educativo dos/as fillos/as e valoren a importancia da formación escolar.
- Elaborar un Plan de intervención individual, de ser preciso.
- Incrementar a autonomía e as habilidades sociais, recurrido á dinamización grupal e mesmo a terapias individuais, de seren pertinentes.
- Asesorar a familia e o alumnado de múltiples aspectos: educativos, psicolóxicos, sociais, dinámicas grupais, estratexias, recursos...
- Elaborar Informes de absentismo e derivar os casos, de proceder.
- Pertencer ás Comisións Municipais de Absentismo e aos Equipos Técnicos de Absentismo, de existiren.
- Deseñar e desenvolver o Programa para a adquisición de competencias e habilidades sociais.

PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- Participar na avaliación inicial do alumnado e no resto das sesións de avaliación do ANEAE.
- Asistir ás CCP e reunións do Departamento de Orientación.
- Colaborar no seguimento e avaliación das AC e MAD.
- Prestar atención docente directa ao alumnado con AC, ANEAE, de incorporación tardía ao sistema educativo e altas capacidades, nos termos que estableza a lei e Xefa do Departamento de Orientación.

PROFESOR DE AUDICIÓN E LINGUAXE

- Asesorar ao Departamento de Orientación e, de ser o caso, ao profesorado na atención ás dificultades comunicativas e de linguaxe que presente o alumnado.
- Intervir directamente na rehabilitación de problemas de audición e linguaxe.
- Realizar intervencións e tratamentos específicos referentes ao ámbito lingüístico.
- Traballar co alumnado que teña AC nas linguas.
- Realizar intervencións nos trastornos de ansiedade (mutismo selectivo).

PROFESORADO TITOR/A

- Atender e responsabilizarse do alumnado individualmente/grupalmente tanto dentro coma fóra da aula.
- Facer a avaliación inicial para tomar MAD, de ser preciso.
- Solicitar a intervención do DO, tendo presente que o profesorado titor debe tomar as primeiras medidas e de non ser dabondo contará co DO.
- Colaborar co DO na elaboración de avaliacións psicopedagóxicas.
- Cooperar co DO cando teñan ANEAE, de incorporación tardía ao sistema educativo e/ou altas capacidades e sexa preciso tomar medidas.
- Implicarse no proceso educativo activamente, participando no desenvolvemento das programacións, PAT, Programas específicos de recuperación (PER) e PI.
- Elaborar, seguir e avaliar as AC.
- Controlar o absentismo e activar o Protocolo de absentismo, de proceder.
- Tomar as medidas que procedan cando no grupo teñan problemas de convivencia, cooperando cos demais axentes implicados e co DO implantando o Programa de intervención deseñado.
- Informar ao DO e ao equipo de profesorado implicado das características do seu alumnado obxecto do programa.
- Seguir as actividades e habilidades traballadas na aula, reforzando constantemente e positivamente as mesmas.
- Comunicar ás familias e titores/as legais dos progresos conseguidos para o posterior reforzo e valoración desde a casa.
- Participar nas sesións de avaliación, cumprimentar os documentos prescritivos e informar ás familias e ou titores legais dos resultados acadados.
- Deseñar propostas de mellora e outras medidas encamiñadas a acrecentar os resultados académicos do alumnado.
- Realizar reunións coas familias ou titores/as legais ao abeiro da lexislación vixente e informalos sobre aspectos relevantes que atinxan ao grupo.

CLAUSTRO

- Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración do PEC e da PXA.
- Aprobar e avaliar o PEC, PXA, conforme lexislación vixente.

- Coordinar as funcións referentes á orientación, á titoría, á avaliación e recuperación de alumnos e alumnas.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos/as alumnos/as e dos diferentes profesionais.
- Sensibilizar aos escolantes da necesidade e importancia da colaboración de todos para superar os obxectivos fixados e contribuír a unha maior calidade educativa nos centros educativos e no ensino.
- Asesorar no proceso de elaboración, seguimento, avaliación e revisión do PEC, así como doutros documentos que debamos incluír no mesmo.
- Identificar alumnado con NEE, valorando a súa individualidade e tratar de participar activamente nas actuacións educativas pertinentes.
- Impulsar e dinamizar a participación dos Equipos Docentes en proxectos e programas de innovación, investigación e experimentación: Programas de ensinar a pensar, Programas de hábitos de traballo intelectual, Programas de habilidades sociais, Programas de mellora, etc.
- Colaborar na prevención e resolución de problemas de conduta, tanto a nivel grupal como individual, no suposto de que interfiran ou poidan interferir no proceso educativo.
- Coordinar, asesorar e dinamizar a acción titorial, para engrandecer a desempeñabilidade, técnicas e xestión competencial.

EQUIPO DIRECTIVO

- Recompilar e divulgar propostas dos/as titores/as sobor da detección do ANEAE.
- Coordinar as áreas de intervención cos profesionais implicados, facendo o seguimento e avaliación para introducir as modificacións oportunas.
- Optimizar e organizar os recursos materiais e humanos dispoñibles para a atención individualizada/grupal do ANEAE, conforme as NEE do alumnado, modalidades de atención, dispoñibilidade horaria do profesorado, etc.
- Detectar necesidades de formación do profesorado no relativo á atención á diversidade, innovación educativa e outras.
- Desenvolver, seguir e avaliar a Concreción do PXAD.
- Asesorar tecnicamente aos órganos directivos en cuestións do seu interese.
- Formular propostas ao Equipo Directivo sobre o seguinte: PEC, Proxectos e Programas de interese para o centro.
- Apoiar constantemente ao DO e ao Equipo de Profesorado implicado no programa. Dar todas as facilidades posibles para o bo desenvolvemento do devandito programa.
- Informar ao Consello Escolar como máximo órgano de representación do centro.
- Motivar e implicar ao Equipo de Profesorado en cuestións relacionadas coa convivencia positiva e o clima relacional.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA-CCP

- Participar nas CCP con propostas sobre: aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos, PAT, AC, PEC e outras MAD.
- Velar para que a elaboración dos proxectos e o PAT se realicen consonte os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o PEC, concrecións e PXAD.
- Establecer as directrices xerais para as elaboracións das programacións, do PAT, así como AC.

-Aprobar as propostas e horas de atención ANEAE do Departamento de Orientación, de consideralo necesario.

CONSELLO ESCOLAR

-Fixar as directrices e idear propostas para a elaboración do PEC, aproballo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.

-Aprobar e modificar as NOF.

-Resolver conflitos e interpoñer as correccións coa finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que perxudiquen gravemente a convivencia do centro.

-Avaliar e aprobar a PXA do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que sexan competencia do claustro.

-Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.

-Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos externos.

-Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.

-Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación estableza.

AUXILIAR TÉCNICO EDUCATIVO-ATE

-Colaborar cos profesionais que atendan o/ao alumno/a no deseño e execución de programas de autonomía persoal e social.

-Axudar ao ANEAE na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, control de desprazamentos, hábitos de hixiene, alimentación, coidado persoal e integración social durante a permanencia do/a alumno/a no centro educativo.

-Participar naquelas reunións onde se aborden cuestións e temáticas relacionadas co ANEAE que atenda a coidadora, sempre no ámbito das súas competencias.

FAMILIAS: PAIS/ NAIS/TITORES LEGAIS

-Fomentar e facilitar a relación familia/docentes, por mor de arranxar e achegar solucións á problemática do alumnado, que en maior ou menor grao puideren presentar ao longo da súa escolaridade.

-Desenvolver programas que faciliten a participación das familias no centro por medio de: Escolas de pais, talleres, conversas, asembleas ...

-Tratar de implicar e favorecer a colaboración efectiva nas actividades da escola e na educación dos seus fillos/as, na procura de solucionar os problemas que afecten aos mesmos, construindo e establecendo liñas de colaboración e confianza.

-Informar, asesorar e orientar de maneira individual e/ou colectiva, daqueles aspectos que resulten básicos para accións pedagóxicas prioritarias, co adaxo de atender adecuadamente ao ANEAE, mellorando a relación, colaboración e cooperación entre as familias e a escola.

-Ofrecer aos pais un espazo de diálogo para que poidan comentar inquedanzas, problemas e dúbidas de todo canto puiden preocuparilles.

-Ensinarlles estratexias e habilidades de aprendizaxe ás familias para que axuden aos/ás fillos/as no proceso educativo, acrecentando os vínculos afectivos, de seguridade e confianza mutua.

COMUNIDADE EDUCATIVA/INSTITUCIÓN

A comunidade educativa abrangue a todos os implicados no proceso educativo: Equipo Directivo, CCP, ANPA, CE...

-Colaborar con toda a comunidade educativa e as institucións, para detectar as necesidades e demandas máis perentorias.

-Derivar o EOE aqueles casos nos que sexa preciso outro diagnóstico, para así poder resolver ou canalizar as demandas a este organismo e outras institucións competentes.

-Establecer canles de comunicación e participación doutros servizos e institucións: Concello, traballador/a social, educador/a social, médicos, USM--IX, asociacións específicas, Fiscalía ETM e outras.

-Participar e organizar charlas, debates e coloquios cos distintos membros da comunidade educativa e cos IES da contorna.

-Coordinarase coas distintas Institucións sanitarias, sociais e educativas para unha atención acorde ás necesidades e especialidades.

5.2-MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

A descrición das accións serán preventivas e específicas de carácter curricular (ordinarias) e organizativo (extraordinarias).

MEDIDAS ORDINARIAS

As medidas ordinarias son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, tendo como finalidade dar resposta ás diferenzas na competencia curricular, motivacións, intereses, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, relación sociais, estando destinadas polo tanto a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidos nos Decretos de educación infantil e primaria.

Medidas ordinarias de atención á diversidade no CEIP Casás:

-Planificación das MAD de acordo cos principios de normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, pluralidade, flexibilidade e non discriminación, ademais de establecer e definir os criterios pedagóxicos xerais de atención á diversidade.

-Adecuación da estrutura organizativa e funcional do centro aproveitando os recursos e optimizándoos na procura de priorizar a atención ao ANEAE e diversidade funcional.

-Establecemento de tratamentos específicos para ANEAE, PI, grupos de adquisición das linguas, grupos de reforzo nas áreas instrumentais, Programas de enriquecemento curricular e outros destinados a alumnado en risco de exclusión social e abandono temperá dos estudos.

-Seguimento dos plans e programas antes mencionados para introducir as modificacións oportunas.

-Adaptación das programacións didácticas ao contexto, perfil do alumnado, resultado de avaliación inicial, mellorando a xestión das aulas e o desempeño dos/as docentes.

-Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

-Desdobramentos de grupos para que o alumnado teña un ensino individualizado, na procura de apoialo en función das dificultades que presente, creando un clima propicio para que poida afrontar os problemas que puideren xurdir ao longo das diferentes etapas educativas.

-Axuste dos criterios metodolóxicos e dos tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación como medida de reforzo educativo con e sen apoio.

-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Esta medida será deseñada pola/o docente que imparte a materia, destinada ao alumnado que amosa certa dificultade para seguir a programación, ben sexa por exceso ou por defecto.

-Programas a ter en consideración dentro das medidas ordinarias:

1-Programa de Reforzo nas áreas instrumentais básicas

2-Programa específico de recuperación-PER

3-Programa de profundización e enriquecemento para ao alumnado de altas Capacidades.

5-Programa de recuperación lectoescritora

6-Programa de resolución de conflitos interpersonais

7-Programa de instrución de seu na aula

8-Programa de habilidades sociais

-Aulas de atención educativa e convivencia, así como medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do ANEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, dos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por seren estas insuficientes.

Medidas extraordinarias no CEIP Casás:

-Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL.

-Flexibilización da duración do período de escolarización.

-Adaptacións curriculares.

-Grupos de adquisición das linguas.

-Grupos de adaptación da competencia curricular.

-Escolarización en aula específica dentro do centro ordinario.

Programas cos que deberiamos contar dentro das medidas extraordinarias:

1-Programa de compensación educativa

2-Programa de inmersión lingüística

5.3-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

-Criterios prioritarios para a organización da atención do profesorado especialista: pedagogía terapéutica e audición e linguaxe

Alumnado NEAE antes mencionado.

Alumnado con NEE -Alumnado de atención preferente.

- Alumnado con AC. (NEE- Altas capacidades)

Alumnado con NE e DEA que precisan intervención e tratamento específico de forma permanente e/ou transitoria ditaminado na avaliación psicopedagóxica.

O protocolo de intervención e atención farase tendo en conta o seguinte:

O profesorado titor será quen realice as primeiras MAD.

O/A alumno/a contará con informe que ditamine as necesidades, orientacións e propostas de atención educativa.

A atención educativa poderá ser dentro e fóra da aula ordinaria (con informe psicopedagóxico).

As intervencións levaranse a cabo nas áreas instrumentais, en función das necesidades e aproveitamento, de ser posible na materia que se estea a impartir na aula ordinaria, procurando que o alumnado obxecto de tal medida asista a educación física, lingua estranxeira (inglés), música e relixión para propiciar a inclusión, socialización e integración, agás en circunstancias ou casos excepcionais, contando sempre coa aquiescencia dos profesionais implicados.

Cando o/a alumno/a non asista a clase o profesorado de PT e AL poderá cubrir esta hora atendendo a outro/a discente.

-Criterios para a organización da atención do profesorado titor e especialista

As prioridades para levar a cabo ditos reforzos serán as que moneamos deseguido:

Alumnado con NEAE que non poda ser atendido polas PT e AL.

Alumnado con DA nas áreas instrumentais e precisa reforzo nas devanditas áreas instrumentais.

Alumnado con dificultade no proceso lectoescritor.

Alumnado con Programas de intervención.

Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar en desvantaxe.

Alumnado con desfase curricular de un ano ou máis.

Alumnado con Programa de enriquecemento con actividades de ampliación.

Alumnado que non está acadar as competencias clave e precisa PER.

O emprazamento do apoio será dentro da aula, soamente en casos debidamente xustificados e puntuais poderán realizarse fóra desta.

O alumnado será atendido polo menor número de profesionais posible.

Este realizarase preferentemente entre profesorado do mesmo curso, de precisar dita medida.

O reforzo sen apoio establecerase para casos concretos, debidamente xustificados e no horario establecido para tal fin.

A organización da atención educativa será conforme o disposto na Orde do 22 de decembro de 2002 e Decreto 229/2011, do 7 de decembro de 2011 que considera aos PT e AL como medidas extraordinarias.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro de 2011 estipula que se deberán facer RE sen apoio en función da dispoñibilidade horaria.

5.4-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES

As actuacións e actividades en educación infantil e primaria adecuaranse ás NE do alumnado especificados nos respectivos informes psicopedagóxicos, PI, PA e AC.

AUTONOMÍA PERSOAL E SOCIALIZACIÓN

Adaptación ao contexto escolar, inclusión e integración no grupo, respectando a diversidade e pluralidade.

Participación negociada no establecemento de normas consensuadas ao comezo do curso.

Toma de conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenvolvendo habilidades sociais básicas e avanzadas, onde teña cabida a capacidade de autocontrol e regulación de si mesmo.

Aumento da autonomía e participación dándolle responsabilidades que poida asumir, logo de proporcionarlle estratexias e educación en valores.

Axuda na toma de decisións cando a situación o requira, afianzando a seguridade e coñecemento de si mesmo.

Adaptación, socialización e interacción intentando propiciar un clima positivo cos iguais.

CAPACIDADES COGNOSCITIVAS

Percepción e atención

Estimulación polisensorial: auditiva, visual e táctil.

Discriminación e localización de sons e ruídos de obxectos, onomatopeicos, instrumentos musicais e partes do corpo.

Discriminación auditiva de sons simultáneos.

Mira ás persoas, obxectos e imaxes.

Localización de semellanzas e diferenzas.

Emparella obxectos e imaxes.

Discriminación de texturas, temperaturas e figuras de distintas dimensións.

Percepción olfativa e gustativa de estímulos da vida cotiá.

Memoria e funcións executivas

- Horario lectivo do centro

Horario lectivo	De mañá	De tarde
Luns	9:30 - 14:30	
Martes	9:30 - 14:30	
Mércores	9:30 - 14:30	
Xoves	9:30 - 14:30	
Venres	9:30 - 14:30	

Horario do tempo de lecer

	E. Infantil	E. Primaria
Horario de lecer	Mañá: 12:15 – 12:40	Mañá: 12:15 – 12:40
	Tarde:	Tarde:

- Quendas de profesorado encargado da vixancia dos recreos

ZONA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
1	M ^a José Castro Marta Lamas Ana I. Trigo Marta Fdez.	J. Antonio Cabana Ana Chorén Begoña Gayoso María García F.	Isabel Fdez. Ana I. Otero María García P.	Ángeles Ferreiro M ^a Luz López M. José Quijada	Enriqueta Alonso M ^a Carmen Cancela Iria Fdez. M ^a O. Grandes López
2	Ana M ^a Iglesias Teresa Dacal Belén Díaz	M ^a José Cruz Isabel Gayoso Mónica Sánchez	Luisa Arias Norma Blanco Fé Lobera	Aurora Rojas Ramón Vázquez Concepción Martín	Silvia López Inés Ignacio José Carlos Pérez
3	Iria Fernández Juan Cuba	Iria Fernández Juan Cuba	Iria Fernández Juan Cuba	Iria Fernández Juan Cuba	Iria Fernández Juan Cuba

- Quendas de profesorado encargado da vixancia do transporte escolar

Horario	LUNS	MARTES	MERCORE S	XOVES	VENRES
De: 9:05 Ata: 9:30	M ^a Angeles Ferreririo Rozas Concepción Martín Carillo	M ^a Norma Blanco Cervo Mónica Sánchez Castosa	Aurora Rozas Ogaza M ^a José Castro López	Ana Isabel Otero Carballal José Ángel Díaz Soto	Begoña Gayoso García Iria Fernández González
De: 15:55 Ata: 16:20	M ^a Angeles Ferreririo Rozas Concepción Martín Carillo	M ^a Norma Blanco Cervo Mónica Sánchez Castosa	Aurora Rozas Ogaza M ^a José Castro López	Ana Isabel Otero Carballal José Ángel Díaz Soto	Begoña Gayoso García Iria Fernández González

- Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

Administrativa: Empregada da Xunta de Galicia, a súa xornada laboral comeza ás 9:15 ata as 14:30, de luns a venres e os martes de 16:00 a 18:00 horas. Nos meses de xuño e setembro só realiza xornada de mañá.

A súa tarefa consiste en desenvolver todas as funcións propias da administración do centro: matriculación, arquivo, expedientes de alumnos, tramitación de becas,...

O horario de atención ó público é o da súa xornada laboral

Conserxe: depende do Concello. A súa xornada laboral é de 9:00 a 14:30 de luns a venres e polas tardes de luns a xoves de 16:00 a 18:00 horas. Nos meses de xuño e setembro só realiza xornada de mañá.

As súas funcións están lexisladas no BOP de Lugo de 29 de decembro de 2006

Auxiliares técnicas educativas: o centro conta con dúas auxiliares técnicas educativas dependentes da Xunta de Galicia. O seu horario é de 9:15 a 16:00 horas. Son usuarias do servizo de comedor e atenden no mesmo a alumnado de necesidades educativas especiais.

As súas funcións no centro educativo é a atención de alumnado n.e.e. con déficit motórico ou carente de autonomía, funcións recollidas no V Convenio de Persoal Laboral da Xunta de Galicia. Proporcionaselles o uniforme que establece o convenio

Auxiliar de Conversa: A cargo da Consellería de Educación que presta servizos no centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio de 2018. O seu horario de traballo no centro é de martes a xoves. Tamén imparte a actividade extraescolar de inglés de E.I. e E.P.

Persoal de cociña: Son unha oficial 2^o de cociña e tres axudantes. Está previsto que este curso se incorpore unha segunda oficial de cociña debido a restricción de funcións por problemas de saúde que posúe a oficial titular da praza que fai inviable adaptarlle o seu posto de traballo. O seu horario é de 9:00 a 16:00 de luns a venres. As súas funcións están recollidas no V Convenio de Persoal Laboral da Xunta de Galicia. Para realizar as súas tarefas o centro proporcionaselles cada ano os uniformes que se estipulan no convenio serigrafiados co logo do colexio.

Colaboradoras do comedor: Son 11 nais de alumnos/as (1 desempeña o cargo de encargada). As súas funcións están recollidas na O. Do 21 de febreiro de 2007

Persoal de limpeza: é contratado polo concello e dependen da empresa “A LACERA”, componse de 4 persoas que se encargan da limpeza xeral do centro e unha persoa que se encarga da limpeza do patio e o pabillón polideportivo. A xornada de traballo de cada un é variable:

As dúas persoas que desempeñan a tarefa no Edificio Principal: De 15:00 a 22:00 horas de luns a venres e o sábado de 08:00 a 12:00 horas.

A persoa que traballa no edificio Chalé: Traballa media xornada de luns a venres.

A persoa que se ocupa do edificio Aulario: Traballa unha hora e cuarto de luns a venres.

A persoa que fai a limpeza no patio e pabillón: Tres horas de luns a venres.

- Plan de utilización das instalacións do centro
 - Criterios para o uso das Instalacións Escolares por parte de entidades ou persoas alleas á Comunidade Educativa.

As instalacións escolares, en horario lectivo, son para ser utilizadas polo alumnado. Polo tanto, salvo situacións que se estudarán no seu momento, non haberá persoas alleas nel. As cesións ocasionais, sempre que non alteren o normal funcionamento do Centro, poderá concedelas a dirección educativa . Calquera outro tipo de cesión das instalacións seguirá a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1.997, no seu capítulo 3, punto 9, resumido no protocolo que estableceu a Xefatura Territorial no curso escolar 2015/2016. Calquera estrago que se puidera producir nas instalacións do Centro por calquera tipo de cesión deberá ser arranxado, e será responsable del a persoa encargada desa actividade, ou o solicitante da cesión.

O Consello Escolar aprobou cobrar unha fianza de 600 €.

- Horario de atención ao público: 9:30-14:30
- Plan de autoprotección: o centro conta con un Plan de autoprotección realizado o 22 de febreiro de 2014 por Ingeniería Ouro (Luis Guillermo Ouro Blanco Col. 835)

3. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coas actividades complementarias, que consideramos fundamentais para a formación integral do alumnado, perseguimos basicamente dous obxectivos:

- Conseguir unha educación integral, que non só consiste na adquisición de coñecementos, senón tamén de estratexias e actitudes que lles permitan afrontar os problemas que se lles presenten por eles mesmos.
- Seguir mantendo a boa relación que hai coa Comunidade Escolar, e lograr un clima de colaboración entre todos os seus membros.

- Actividades complementarias

Para este curso académico 2017/2018 o colexio ten previsto levar a cabo as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro: DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA
- 25 de novembro: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
- Do 1 ao 11 de decembro: CONMEMORACIÓN DA CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA
- 3 de decembro: DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE
- 10 de decembro: DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS
- 30 de xaneiro: DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ
- 8 de marzo: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER
- 15 de marzo: DÍA MUNDIAL DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR
- Do 5 ao 9 de marzo: SEMANA DA PRENSA. Un día desta semana traballárase na aula con xornais
- 7 de abril: DÍA MUNDIAL DA SAÚDE
- Entre o 23 e o 27 de abril. SEMANA DO LIBRO
- 9 de maio: DÍA DE EUROPA
- Do 14 ao 18 de maio: SEMANA DAS LETRAS GALEGAS
- 5 de xuño: DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

As actividades complementarias están previstas as seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL

2º CICLO				
CURSOS PARTICIPANTES	NOME ACTIVIDADE	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR
6º A, 6º B e 6º C	Saída ao Castelo de San Paio de Narla (Friol)	Novembro	CEIP CASÁS	Museo fortaleza San Paio de Narla
6º A, 6º B e 6º C	Apadríñase un nenector	Maio/Xuño	IES LEIRAS PULPEIRO	IES LEIRAS PULPEIRO
Ciclo completo de E.I	A nena e o grilo nun barquiño	08 de febrero de 2018	Afundación	Auditorio Gustavo Freire
Todo o ciclo	Excursións finais de curso	Maio/Xuño de 2018	CEIP CASÁS	Sen determinar
Todo o ciclo	Horto escolar	Xaneiro-Xuño	CONCELLO DE LUGO	CEIP CASÁS
Todo o ciclo	Certames concursos e saídas ao entorno e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia	Setembro a Xuño	Concello de Lugo Deputación Provincial Museo Provincial Etc.	Sen determinar
Todo o ciclo	Festivais e festas tradicionais galegas	Setembro a Xuño	CEIP CASÁS	CEIP CASÁS

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSOS PARTICIPANTES	NOME ACTIVIDADE	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR
4º, 5º e 6º de E.P.	Descubriendo o metano	21 e 22 de setembro de 2017	GAS NATURAL FENOSA	CEIP CASÁS
1º, 2º, 3º, 4º, de E.P.	Xornadas da prevención de incendios	18 e 19 de outubro	Parque de bombeiros	Parque de Bombeiros de Lugo
5º e 6º de E.P.	Xornada sobre Dano Cerebral	20 de outubro	Fundación ADACE	CEIP CASÁS
4º de E.P.	Descubriendo segredos	27 de outubro	Afundación	Sede Afundación (Praza maior Nº 16)
2º de E.P.	Mans Máxicas	30 e 31 de outubro	Afundación	Sede Afundación (Praza maior Nº 16)
4º de E.P.	Laberinto	2 de novembro	Afundación	Auditorio Gustavo Freire
3º E.P.	Máns máxicas	13 e 14 de novembro	Afundación	Sede Afundación (Praza maior Nº 16)
5º E.P.	Descubriendo Segredos	23 e 24 de novembro	Afundación	Sede Afundación (Praza maior Nº 16)
2º E.P.	Circopeta	28 de novembro	Afundación	Auditorio Gustavo Freire
4º, 5º e 6º E.P.	Clases Teóricas de Seguridade Vial	27, 28, 29,30 de novembro	Parque Infantil de Tráfico "López Mella"	CEIP CASÁS
3º E.P.	Rubicando	13 de decembro	Afundación	Auditorio Gustavo Freire
5º E.P.	Zapping	19 de xaneiro	Afundación	Auditorio Gustavo Freire
4º E.P.	Obradoiro: Botánicos no Paseo do Río	2º trimestre	DEPUTACIÓN DE LUGO	Centro de Interpretación Terras do

	Rato			Miño
5º E.P.	Obradoiro: Viaxando ao interior do solo	2º trimestre	DEPUTACIÓN DE LUGO	Centro de Interpretación Terras do Miño
2º e 3º de E.P.	Visita guiada ao Río Rato	2º trimestre	DEPUTACIÓN DE LUGO	Río Rato
6º	Xornada de convivencia no IES LEIRAS PULPEIRO	Maio	IES LEIRAS PULPEIRO	IES LEIRAS PULPEIRO
6º E.P.	O centro de Interpretación na rúa	Sen determinar	CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO (DEPUTACIÓN)	CEIP CASÁS
5º e 6º de E.P.	Almorzos saudables e saúde bucodental	Sen determinar	Consellería de Sanidade	CEIP CASÁS
1º e 2º de E.P.	Almorzos saudables	Sen determinar	Concello de Lugo	CEIP CASÁS
6 E.P.	Xornada de convivencia no IES LEIRAS PULPEIRO	maio/xuño	IES LEIRAS PULPEIRO	IES LEIRAS PULPEIRO
5º E.P.	Visita a Aspnais	2º trimestre	CEIP CASÁS	Talleres de Apnais
1º, 2º, 3º, 4º, 5º	Excursión final de curso	Maio /Xuño de 2018	CEIP CASÁS	Sen determinara
1º, 2º, 3º, 4º, 5º	Saídas ao entorno e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia	Todo o curso	Diversos organismo e CEIP Casás	-----
1º, 2º, 3º, 4º, 5º. 6º	Certames e concursos	Todo o curso	Diversos organismos	-----
1º, 2º, 3º, 4º, 5º	Actividades Museo Provincial	Sen determinar data	MUSEO PROVINCIAL	Sen determinar
Toda a etapa	Festivais e festas tradicionalis galegas	Setembro a Xuño	CEIP CASÁS	CEIP CASÁS

Nota: As actividades da fundación que se celebran no Auditorio Gustavo Freire teñen un precio de entrada de 2 €, excepto laberinto que é gratuita a entrada.

As actividades de Afundación da sede da Praza Maior teñen un precio de entrada de 1 €.

Esta programación de actividades é aberta e flexible, polo que pode sufrir variacións tanto por ampliación como por redución das mesmas.

Tendo en conta a **O. do 22 de xullo de 1997, no seu capítulo IX punto 3.1.** Cando excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares, non previstas na PXA, será preciso a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de se-lo caso do equipo destas actividades, dando conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre

- Actividades Extraescolares

Actividade	Aula ou zona onde Se imparte	Días	Horario	Prezo/mes	Empresa
Baile moderno - E. Primaria	Ximnasio	Xoves	16:00-17:00 h.	Gratis	Serviplus
Baile moderno - E. Primaria	Ximnasio	Xoves	17:00-18:00 h.	Gratis	Serviplus
Baloncesto - E. Primaria	Polideportivo	Martes	17:30-18:30 h.	10 €	Club Ensino
Cociña creativa- E. Primaria	Comedor	Martes	17:00-18:00 h.	13 €	Total Sport
Francés – 4º, 5º, 6º E. Primaria	Aula Relixión	Martes	15:00-14:00 h.	12 €	Vida Láctea
Fútbol- E.I e E.P.	Polideportivo	Toda a semana	Concertar Télf: 670327333/669823735	Contactar Club	Club Polideportivo Casás
Impresión 3D – E. Primaria*	Aula Informática	Mércores	15:00-16:00 h.	20 €	Galin
Informática – E. Primaria	Informática	Luns	16:00-17:00 h.	25 €	Total Sport
Inglés – E. Infantil	Aula Relixión	Martes	16:00-17:00 h.	10 €	Profesor nativo
Inglés – E. Infantil	Aula Relixión	Martes	17:00-18:00 h.	10 €	Profesor nativo
Inglés – E. Primaria	Aula Relixión	Mércores	16:00-17:00 h.	10 €	Profesor nativo
Inglés – E. Primaria	Aula Relixión	Mércores	17:00-18:00 h.	10 €	Profesor nativo
Karate – E.I e E.P.	Ximnasio	Luns e Mércores	17:00-18:00 h.	18 €	Club Shi Han (Lara)
Manualidades – E. Infantil	Aula 1º A	Martes	16:00-17:00 h.	Gratis	Serviplus
Patinaxe - E. Infantil 4-5 anos	Polideportivo	Mércores	16:00-17:00 h.	5 €	Pablo

Patinaxe - E. Primaria	Polideportivo	Mércores	17:00-18:00 h.	5 €	Pablo
Predeporte E. Infantil	Polideportivo	Toda a semana	Concertar Télf: 670327333/669823735	Contactar Club	Club Polideportivo Casás
Pintura - E. Primaria	Laboratorio	Martes	16:00-17:30 h.	20 €	Lis
Pintura - E. Primaria	Laboratorio	Xoves	16:00-17:30 h.	20 €	Lis
Robótica - E. Primaria	Aula Informática	Martes	16:00-17:00 h.	18 €	Play Code Academy
Robótica - E. Primaria	Aula Informática	Xoves	16:00-17:00 h.	18 €	Play Code Academy
Teatro - E. Primaria	Ximnasio	Luns	15:00-14:00 h.	12 €	Vida Láctea
Voleibol - E. Primaria**	Polideportivo	Xoves	15:00-16:00 h.	10 €	Emevé
Xadrez - E. Primaria	Aula 1º A	Mércores	16:00-17:00 h.	Gratis	Serviplus
Xim. Rítmica - E. Primaria	Ximnasio	Luns	16:00-17:00 h.	Gratis	Serviplus

* A actividade Impresión 3D conta cunha impresora 3D no centro.

** O alumnado inscrito na actividade de Voleibol poderá asistir gratuitamente a outra hora en calquera dos horarios que ofrece a Escola Deportiva Emevé.

Estas actividades están abertas a todo o alumnado do colexio que o solicite. Durante a realización das mesmas, haberá un mestre no colexio para atender calquera imprevisto co desenvolvemento das mesmas. De 15:00 a 16:00 horas a vixilancia corresponde á directora e nas actividades de baloncesto e fútbol responsabilízanse da vixilancia, a partir das 18:00 horas, os monitores.

FÚTBOL E PREDEPORTE: Dependem do Clube Polideportivo Casás, entidade fundada no seo da Comunidade Educativa da zona de Casás e en funcionamento para estes fins. Participase nos campionatos escolares de:

- Fútbol-7
- Fútbol Sala
- Baloncesto
- Atletismo
-

Os días nos que se realiza a actividade de fútbol ou predeporte son os luns, martes, xoves e venres de 16:00 a 17:30 horas.

DISTRIBUCIÓN ESPACIO-TEMPORAL

<u>15:00/16:00</u>	TEATRO (Ximnasio)	FRANCÉS (Aula Relixión)	IMPRESIÓN 3D (Aula Informática)	VOLEIBOL (Polideportivo)
<u>15:00/16:00</u>	TEATRO (Ximnasio)	FRANCÉS (Aula Relixión)	IMPRESIÓN 3D (Aula Informática)	VOLEIBOL (Polideportivo)
<u>16:00/17:00</u>	X. RÍTMICA E.P. (Ximnasio) INFORMÁTICA (Aula Informática)	INGLÉS E.I. (Aula Relixión) Manualidades E.I. (Aula 1º A) PINTURA E.P. (Laboratorio) ROBÓTICA (Aula Informática)	INGLÉS E.P (Aula Relixión) PATINAXE E.I. (Polideportivo) XADREZ E.P. (Aula 1º A)	PINTURA E.P. (Laboratorio) ROBÓTICA (Aula Informática) BAILE MODERNO (Ximnasio)
<u>15:00/16:00</u>	TEATRO (Ximnasio)	FRANCÉS (Aula Relixión)	IMPRESIÓN 3D (Aula Informática)	VOLEIBOL (Polideportivo)

BALONCESTO: Martes (17:30- 18:30): Pabillón.

Actividades propostas pola ANPA

Este curso a ANPA non propuxo ningún tipo de actividades, foi o equipo directivo quen se encargou de planificar as actividades extraescolares.

4. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DA RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Propostas específicas para o presente curso

Reunións colectivas

ETAPA	CICLO/CURSO	DATA DAS REUNIÓN
INFANTIL	2º	11/09/2017
PRIMARIA	1º	19/09/2017
	2º	19/09/2017
	3º	19/09/2017

Entrevistas individuais coas familias:

Todos os martes de 16:00 a 17:00 previa cita. Se a familia non pode serán atendidos noutras horas dentro da dispoñibilidade horaria do profesor pola mañá.

Información por escrito ás familias sobre o resultado da avaliación.

	Data de entrega de boletíns
1ª avaliación	21 de decembro de 2017
2ª avaliación	23 de marzo de 2017
3ª avaliación	21 de xuño de 2017

5.PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PLANS

Abalar, E-Dixgal, Plan Proxecta, Seccións bilingües....

PROGRAMA DE ALERTA ESCOLAR

No curso 2017-2018 hay no centro cinco alumnos/as dados de alta neste servizo por mor de convulsións e crisis asmática.

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DE PROFESORADO

O Profesorado deste centro asiste a actividades de formación organizadas pola administración educativa, por sindicatos ou por outros centros privados para actualizar os seus coñecementos. A asistencia a estes cursos está recollida na orde do 7 de abril de 2008 (DOG 23-4-2008) pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente.

O curso 2016/2017 empezamos a impartir un PFPP no centro sobre novas tecnoloxías e no presente curso estará enfocado á robótica educativa.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

No curso 2017- 2018 segue vixente o anterior plan de autoprotección do centro.

PROA

1. OBXECTIVOS QUE SE PERSEGUEN

- 1- Desenvolver no centro espazos socio-educativos de cooperación co entorno, orientados a mellorar e enriquecer o proceso educativo do alumnado en situación de desventaxa a través de planificación de accións complementarias que reforcen o aprendizaxe e convivencia multicultural.
- 2- Mellorar as perspectivas escolares dos alumnos/as con dificultades e potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos/as.
- 3- Adquirir destrezas básicas, mellorar o hábito lector e a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das materias instrumentais, así como mellorar as perspectivas escolares dos alumnos/as con dificultades e potenciar a aprendizaxe, a reflexividade, a competencia dixital, o autocontrol, a autorregulación, a capacidade de resolución de problemas e o rendemento escolar.
- 4- Capacitar aos alumnos/as para que se comuniquen correctamente nas dúas linguas cooficiais da comunidade galega e polo menos numha lingua da Unión Europea.
- 5- Desenvolver a responsabilidade individual e o esforzo persoal, así como a capacidade de regular a aprendizaxe do alumnado, aumentando a súa autoestima, e potenciando as iniciativas persoais.

2. MEDIDAS CONCRETAS QUE SE VAN DESENVOLVER

1- Actividades para o desenvolvemento de hábitos de traballo: lectura comprensiva; adquirir hábitos e técnicas de estudo; mellorar as aprendizaxes básicas; poñerse ao día na marcha da clase; expresión escrita; aprender a buscar nun dicionario.

2- Actividades relacionadas cas habilidades sociais: Facilitar a integración no grupo e no centro, desenvolvemento da autonomía persoal e social, favorecer hábitos de comunicación na aula, mellorar a autoestima, favorecer a interrelación do grupo e mellorar as expectativas que teñen sobre as súas capacidades.

3- Actividades relacionadas co uso da biblioteca e das novas tecnoloxías: saber buscar libros na biblioteca, uso e manexo do ordenador, procura da información en Internet, diferentes modos de plasmar a información obtida.

4- Actividades relacionadas coas familias e co centro: impulsar ás familias no proceso educativo e mellorar a súa relación co centro así como a implicación e colaboración dos titores daqueles alumnos/as participantes no programa.

3. FUNCIONAMENTO

1. Traballaranse as competencias matemática e lingüística dende diversas perspectivas e de forma individual e colaborativa.

2. Cada grupo terá 2 sesións 2 días á semana dende o mes de febreiro ata o mes de xuño.

PROXECTO INTRODUCCIÓN DA ROBÓTICA EDUCATIVA EN PRIMARIA

1. OBXECTIVOS QUE SE PERSEGUEN

1- Introducir o pensamento computacional nas aulas, é dicir, introducir un método de resolución de tarefas ou problemas mediante unha secuencia ordenada de pasos.

2- Investigar sobre o mundo da robótica e a súa importancia para a sociedade actual.

3- Despertar curiosidade polo mundo da robótica.

4- Adquirir conceptos tecnolóxicos básicos e aspectos básicos das linguaxes de programación.

5- Construír un robot coas maquetas proporcionadas.

6- Aprender a programar de forma natural e lúdica.

7- Involucrarse activamente no seu proceso de aprendizaxe.

- 8- Xerar un contexto de aprendizaxe baseado fundamentalmente na actividade do alumn@, mediante un proceso de aprendizaxe constructivista e colaborativo.
- 9- Traballar nun ambiente de aprendizaxe cooperativo.
- 10- Aprender a traballar en equipo, organizarse, chegar a acordos respetando as aportacións dos compañeir@s.
- 11- Desenvolvemento da intuición científica.
- 12- Fomentar unha actitude de investigación e innovación.
- 13- Descubrir e aplicar as súas habilidades.
- 14- Desenvolvemento de destrezas manuais.
- 15- Aprender a pensar con creatividade.
- 16- Resolver problemas prácticos.
- 17- Superar retos diarios poñendo en práctica conceptos e habilidades cognitivas relacionadas coas diferentes áreas curriculares e o pensamento computacional.

2. MEDIDAS CONCRETAS QUE SE VAN DESENVOLVER

- 1- Investigación sobre o mundo da robótica.
- 2- Importancia da robótica na actualidade.
- 3- Vocabulario técnico.
- 4- Construcción de robots.
- 5- Lenguaxe computacional.
- 6- Programación dos robots segundo os retos propostos.
- 7- Exposición do traballo realizado.

3. FUNCIONAMENTO

- 1- Traballarase a noción de robot en distintos aspectos: qué é?, cómo funcionan? , cómo se moven?, partes...
- 2- Realizarase traballo individual e cooperativo atendendo ás diferentes competencias e tendo en conta as intelixencias múltiples.
- 3- O alumnado porase na pel dun robot e deberá obedecer as normas que lle diten os seus compañeir@s.
- 4- Traballarase co Beebot en diferentes taboeiros, para que aprendan a programación sinxela.

- 5- Traballarase co Scratch para a iniciación na linguaxe de programación superando distintos retos propostos polos docentes.
- 6- Procederase á montaxe dos robots administrados pola Consellería.
- 7- Programaranse os robots co programa Mblok superando os distintos retos e as diferentes actividades propostas.
- 8- Farase unha exposición dos distintos traballos realizados.

SECCIÓN BILINGÜES

Introducción

A necesidade de coñecer idiomas estranxeiros existente na actualidade, foi tida en conta polo Claustro e o Consello Escolar do CEIP Casás, xunto coa experiencia de colexios pioneiros neste proxecto, para decidir que sería moi positivo incorporar o mesmo ó noso centro.

Como sabemos, o noso colexio adoita acoller con agrado as novas iniciativas tendentes á promoción do ensino da lingua estranxeira. Fai xa nove anos que incorporamos as clases de inglés á educación infantil, estendéndooas dous anos despois ós alumnos de tres anos, ó abeiro do proxecto de anticipación de linguas estranxeiras.

O profesorado de inglés tamén se caracteriza pola súa inqueda respecto ó estudo do idioma. Sabedores da necesidade de estar en contacto co mesmo para manter e actualizar os seus coñecementos, o profesor que se faría cargo do proxecto fixo estudos en escolas de idiomas e está en permanente contacto con nativos, non só nas oportunidades que ó efecto lle brinda a Consellería, senón tamén no seu tempo de lecer e subvencionándoo persoalmente.

Elexiuse a plástica de quinto e sexto curso como asignatura máis apta para o proxecto porque entendeuse que nestes últimos cursos da educación primaria, o coñecemento do idioma precisa ese pulo que supón ter que expresarse no mesmo. Suporá tamén un reforzo das clases, que os alumnos do noso colexio, polas súas condicións socio-económicas, non adoitan poder obter fóra deste. En canto á asignatura, creouse que a plástica era máis apropiada, dado que unha maior ou menor fluidez no idioma non vai provocar unha imposibilidade de seguir con normalidade a aprendizaxe, xa que se trata de algo moi visual e tanxible.

Por todo o exposto, ó abeiro da **Orde de 18 de abril de 2007**, pola que se fai pública a convocatoria para seleccionar os proxectos de innovación nos centros de primaria aulas bilingües, decidimos realizar o seguinte proxecto. Contamos co compromiso e apoio do claustro e do profesorado, especialmente, da aula de inglés, e coa aprobación do Consello Escolar. O alumnado destas aulas deberá contar coa autorización dos pais/nais. Como apoio a este proxecto, sempre que sexa posible a nivel organizativo, tratarase de que a aula de lingua estranxeira inglés sexa impartida con grupos organizados de maneira flexible, o que sería positivo para o alumnado que participe na aula bilingüe e para o resto do mesmo nivel.

Alumnado e profesorado participante

En virtude do establecido nos artigos 4.5 e 4.6 da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües e os centros plurilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, comunicamos as cifras de alumnado matriculado en cada un dos cursos con seccións bilingües autorizadas para o curso 2017/2018.

Curso	Materia	Nº alumnos/as matriculados
5º A	PLÁSTICA	25
5º B	PLÁSTICA	25
6ºA	PLÁSTICA	22
6º B	PLÁSTICA	21
TOTAL	PLÁSTICA	93

Facer constar que tamén tiñamos autorizado para o presente curso escolar a sección bilingüe en 3º de E.P. pero non se pode levar a cabo por falta de horario do profesorado, xa dende o pasado curso.

O total de alumnos/as no curso 2017/2018 é de 93; participan todos os alumnos/as (os pais/nais concederon a súa autorización). En total, serían 4 grupos.

PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO: María Teresa Dacal Otero (Especialista de inglés).

Neste curso 2017/2018 contamos tamén no centro cunha auxiliar de conversa 3 días semanais co seguinte horario:

HORARIO SEMANAL DE AUXILIARES DE CONVERSA CURSO 2015/2016

Código do centro: 27013673	Nome do centro: CEIP CASÁS	
Concello: LUGO	Provincia: LUGO	Teléfono: 982212700
Apelidos do/a auxiliar: MICHELSON	Nome do/a auxiliar: ERIC	Nacionalidade: AMERICANO

- Anótase na columna da esquerda a hora de comezo e de fin de cada módulo.
- Indíquese en cada hora o grupo no que entra o/a auxiliar acompañando ao profesor/a, ou especifíquese calquera outra actividade que realice.
- O/a auxiliar de conversa apoia o profesorado CLIL e especialista da lingua estranxeira correspondente do centro educativo.
- Este horario debe conter un total de 12 horas de actividades do/a auxiliar.

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:30- 10:25		INGLÉS 6º A	PLÁSTICA S. B. 5º B		
10:25-11:20		INGLÉS 4º C	PLÁSTICA S. B. 5º A		
11:20- 12:15		INGLÉS 6º B	Preparación material	INGLÉS 1º B	
12:40-13:35		INGLÉS 4º B	PLÁSTICA S. B. 6º B	INGLÉS 1º A	
13:35- 14:30		INGLÉS 4º A	PLÁSTICA S. B. 6º A		

3.7.3.- Obxectivos

1. O fomento do plurilingüismo e da diversidade lingüística.
2. A mellora da competencia lingüística do alumnado.
3. Aumentar e facilitar o contacto coa lingua estranxeira inglés e as ocasións de uso.
4. Mellorar os obxectivos lingüísticos establecidos para a área de inglés no PCC para o terceiro ciclo de Educación primaria, como son:
 - a) Comprender textos orais e escritos no eido da plástica.
 - b) Expresarse de forma oral utilizando estruturas propias de situacións habituais de comunicación.
 - c) Os recollidos no PCC e programación de área para a plástica do terceiro ciclo, como son:
 - Explorar posibilidades de expresión e comunicación con diferentes materiais e instrumentos.
 - Desenvolver o significado da expresión.
 - Ver a estética dos traballos.
 - Discutir e debater opinións sobre os seus traballos, enriquecendo así o seu punto de vista.
 - Completar os pasos para chegar ó traballo tanto individual como no grupo.
 - Amosar unha actitude positiva cara o uso da plástica e da lingua de comunicación.

3.7.4.-Contidos

- Usar o inglés como lingua, xunto co galego, para a aprendizaxe da plástica.
- O vocabulario específico da área de plástica e dos principais conmemoracións americanas.
- As estruturas básicas para unha comunicación elemental.
- Os conceptos plásticos correspondentes ó terceiro ciclo de educación primaria (quinto e sexto nivel).
- Os procedementos plásticos axeitados ós obxectivos propostos.
- Actitude positiva cara o uso das linguas.

3.7.5.- Pautas de avaliación

- Esforzarse en comprender a asignatura noutro idioma (inglés).
- Empregar os materiais co máximo coidado.
- Esforzarse en que os traballos sexan rematados dun xeito curioso.
- Respetar as normas da clase e dentro do grupo de traballo
- Adquirir algún coñecemento que o demostrarán ca súa habilidade e imaxinación.

3.7.6.- Seguimento e avaliación

Dado que a profesora pertence ó equipo do ciclo superior, posto que imparte as aulas de inglés no mesmo, as xuntanzas de ciclo servirán para poñer de manifesto calquera incidencia sobre a marcha do proxecto.

Pola súa parte, como profesora coordinadora, fará un seguimento mensual das actividades de tipo lingüístico, co fin de cambiar a metodoloxía para a súa boa interpretación.

Farase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida respecto á realidade da aula.

A avaliación será formativa, contínua, ó longo do curso, tendo momentos máis concretos ó final de cada trimestre. O nivel acadado verase reflectido no libro de cualificacións.

A avaliación final analizará o desenvolvemento do proxecto e os seus resultados, coa elaboración da memoria, na que se farán as observacións e conclusións oportunas.

Ó remate do curso, será informado o Claustro e o Consello Escolar, e será transmitido o resultado á Administración educativa.

3.7.7.- Necesidades materiais previstas

Os recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto podemos agrupalos en dous apartados.

A) Entre o material do que dispón o centro podemos incluír:

- ✓ Ordenador portátil con proxector e pantalla interactiva “Smartboard”.
- ✓ Reprodutor de DVDs.
- ✓ Reprodutor de CDs.
- ✓ Cámara fotográfica dixital.
- ✓ Aula de informática con acceso a internet.
- ✓ Aula de audiovisuais.
- ✓ Etc.

B) Material de nova adquisición:

- ✓ Material bibliográfico, DVDs, CDs, CDRoms, láminas...
- ✓ Material impreso para o uso por parte do alumnado (libros, cadernos de traballo...)
- ✓ Material elaborado polo profesorado (Fotocopias...)

BIBLIOTECA

1. Obxectivos

- Fomentar no alumnado o pracer e o hábito da lectura
- Dinamizar a actividade cultural do centro
- Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos académicos
- Ofrecer oportunidades a todo o alumnado para acadar información e desenvolver a imaxinación
- Proporcionar aos/ás alumnos/as recursos que lles permitan poñerse en contacto con ideas e experiencias diversas
- Concienciar de que a liberdade intelectual é fundamental para acadar unha sociedade tolerante

- Seleccionar e adquirir materiais axeitados aos distintos niveis para complementar e enriquecer os libros de texto, material docente e métodos pedagóxicos
- Organizar e celebrar xornadas de animación lectora
- Estar en contacto con bibliotecas do entorno
- Mellorar as instalacións actuais

2. Funcionamento

2.1. Organización

2.1.1. Recursos humanos

- O Equipo de Dinamización de Biblioteca

Reúnese periodicamente unha vez ao mes para propoñer e organizar actividades de fomento da lectura e dinamización da biblioteca como espazo lúdico e de aprendizaxe. Está formado por varios membros de cada nivel , tanto de E.Infantil como de E.Primaira, xunto coa xefa de estudos.

- O responsable da biblioteca

Con cinco horas á semana de atención á biblioteca, encárgase das seguintes tarefas:

- Coordinar as iniciativas propostas polo Equipo de Biblioteca
- Continuar coa catalogación co programa Meiga tanto do fondo bibliográfico existente como das obras de nova adquisición
- Levar a xestión dos carnés de lectores
- Colocar os libros devoltos
- Arranxar libros deteriorados
- Realizar o expurgo necesario
- Seleccionar libros e materiais ofertados polas editoriais para a súa adquisición

2.1.2. O espazo

- Creouse o espazo “O rincón do cómic”, para o cal se colocaron dúas mesas baixas a carón da porta corredeira que comunica a biblioteca coa aula de informática.

- Habilitáronse uns estantes para depositar material didáctico da área de Inglés ao destinarse a aula na que ata agora se impartía a un curso 4º de E. Primaria de nova creación neste ano académico.

- Deste xeito, a configuración do espazo da biblioteca queda como segue:

ZONA	UBICACIÓN
Educación Infantil	Rincón do fondo á esquerda
1º e 2º de E. Primaria	Lateral dereito
3º e 4º de E. Primaria	Lateral esquerdo
5º e 6º de E. Primaria	Rincón da entrada á esquerda
Novidades	Estante móbil no medio á esquerda
Préstamos	Estantería a carón do ordenador
Cómics	Ao lado da porta corredeira
Material de Inglés	Rincón do fondo á dereita
Cds, videos...	Estante de fondo fronte á porta
Revistas, xornais...	Estantes á esquerda da entrada
Adultos	Estantes na aula de informática

2.2. Funcionamento

2.2.1. Horario

- A Biblioteca Escolar permanece aberta durante todo o horario lectivo. O horario de préstamos e de utilización por parte dos diferentes cursos está exposto na entrada da mesma e é o seguinte:

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25			3º B		2º B
10:25-11:20		3º A	4º E.I. B	5º E.I. A	

11:20-12:15	4º C		5º E.I. B	4º B	6º B
12:40-13:35	4º A	2º A	5º A	4º E.I. A	1º B
13:35-14:30	1º A	6º E.I. B	5º B	6º E. I. A	6º A

- Todos os mércores permanecerá aberta das 4 ás 5 da tarde para acoller a actividade de estudo e/ou lectura dun grupo de alumnos/as, coa presenza dun/dunha mestre/a de garda.

- Dúas son as novidades para este curso:

- Vai permanecer aberta todos os días durante os recreos como sala de lectura e coa posibilidade de realizar devolucións e empréstitos de libros. O responsable da biblioteca conta coa axuda de alumnos de 6º de Primaria que, voluntariamente, colaboran en calidade de auxiliares de biblioteca. Esta é a quenda establecida para eles/elas:

AUXILIARES DE BIBLIOTECA / 6º E.P.

	Barrul Jiménez, Alejandro
	Díaz Montoya, Sandra
	Jiménez Gabarri, Alejandro
	Penela Dorado, Sergio
	Pereira López, Alexandre
	Rey Fernández, Iago
	Rey Rozas, Samuel
	Rodríguez Carretero, Marta
	Sánchez Piñeiro, Pablo
	Vázquez López, Martín
	Yáñez Ozores, Noa

- Un día á semana, cando o tempo o permita, levaremos a cabo a iniciativa dos libros viaxeiros: sacaranse uns cantos libros para que os nenos que queiran poidan

lelos no patio, nun recuncho lector que se habilitará, porque ler tamén é un xogo, porque ler tamén é divertido.

2.2.2. A xestión dos empréstitos

- Nas sesións asignadas a cada curso para usar a biblioteca son os/as titores/as os encargados de realizar a devolución e empréstitos dos libros co programa Meiga.
- Nos recreos se encargan desta xestión os auxiliares de biblioteca de 6º de Primaria, coa supervisión do mestre responsable dela.
- Funciona tamén o empréstito de aula: libros que se levan a aula dun curso determinado durante un tempo para o seu uso. Resulta unha boa opción naqueles casos de libros cun número suficiente de exemplares para un grupo de alumnos/as.

3. Plambe

Solicitouse a incorporación do centro a ese programa de mellora nos cursos 2014/15 e, recentemente, no 2016/17, pero non obtivemos a aprobación do proxecto. Trataremos de melloralo e de ir realizando xa iniciativas nese senso para acadar a inclusión do noso centro nesa rede de optimización dos recursos das bibliotecas.

PLAN ANUAL DE LECTURA

1. Obxectivos

1.1. Xerais

- Convertir a biblioteca nun instrumento fundamental para a promoción da lectura
- Promover a concepción da biblioteca como centro de referencia dos recursos de lectura, información e aprendizaxe
- Fomentar o uso da biblioteca como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que estimule a comunicación e o traballo cooperativo e serva de plataforma para intercambios culturais.

1.2. Específicos

- Facer da biblioteca un espazo agradable: aprender a estar

- Facer da biblioteca un lugar para pensar (lema proposto para este curso)
- Incentivar a asistencia do alumnado á biblioteca
- Cultivar o espírito lector (en calquera lugar ou situación)
- Darlle a biblioteca un uso creativo como espazo de aprendizaxe, disfrute e encontro

2. Actuacións previstas

- Tratamento cada curso da biblioteca coa imaxe dunha metáfora. Este curso traballaremos a biblioteca como unha FORTALEZA chea de tesouros (os libros) que hai que conquistar. Poñerase na parede de entrada a ela un mural que represente unha fortaleza e nos seus muros o alumnado irá pegando ao longo do curso o título dos libros que vai lendo (así avanzará a nosa conquista).
- Ambientación da biblioteca con lemas, obxectos... suxestivos
- Uso da carteleira máis próxima á biblioteca no corredor como instrumento lúdico e suxestivo de animación á lectura (cada mes unha idea cun eslogan)
- Apertura da biblioteca todos o días durante o tempo de lecer
- Traslado de libros (“Libros Viaxeiros”) ao patio un día a semana cando o tempo o permita nun espazo concreto a modo de recuncho lector
- Uso da megafonía para dar voz á Fada Rosalía, a “Bibliomascota”, gardiá dos libros e do máxico lugar no que están
- Presentación lúdica de novidades, a modo de reclamo
- Realización de actividades variadas: contacontos, charlas, escenificacións...
- Realización de exposicións temáticas nela con asiduidade

3. Avaliación

Ao final do curso o equipo de dinamización da biblioteca valorará o nivel de consecución dos obxectivos propostos e o nivel de adecuación das actuacións previstas e realizadas para facer propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

Trátase de priorizar obxectivos e actividades en función dos acertos, deficiencias e necesidades observados.

6.AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA

Accións de mellora derivadas da análise de resultados da avaliación individualizada de terceiro de EP

A asistencia non foi significativa para analizar resultados

Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados.

Non procede

7. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

a. Transporte escolar:

Conta o Colexio con catro rutas de Transporte Escolar para os alumnos/as residentes na zona rural, que abarca 21 parroquias do noroeste do Concello de Lugo.

O número de alumnos/as transportados este curso ascende a **66**, pertencentes ás 4 rutas:

- ANTONIO PARDO GAYOSO S.L.(Ruta Crecente-Fonte dos Ranchos) □ 3 alumn@s.
- ORENSE BENAVENTE, S.A. (Ruta Astariz- Ponte Orbazai) □ 18 alumn@s.
- MURALLA BUS S.L. (Ruta Outeiro- Ramil) □ 27 alumn@s.
- LUBER S.L.(Ruta Tirimol N^o 11- Av. Coruña 272) □ 18 alumn@s.

Os impresos dos itinerarios foron remitidos á Xefatura Territorial de Educación.

A súa organización está supeditada ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte. A folha de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada bus e actualízase cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer os usuarios do transporte, no prazo destinado para elo, que soe coincidir no mes de xullo do curso rematado.

Comedor escolar:

✓ Datos xerais

Tipo de comedor (A,B,C,D,E..)	D
Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.)	Xestión directa
O centro conta con Protocolo de comedor escolar	Non
Alumnado que fai uso do servizo	322
Número máximo de comensais autorizados	341
Alumnado que fai uso do servizo de comedor de balde	270
Alumnado que fai uso do servizo de comedor. Paga 1 €	16
Alumnado que fai uso do servizo de comedor. Paga 2,5 €	16
Alumnado que fai uso do servizo de comedor. Paga 4,5 €	20

✓ **Persoal que intervén no servizo**

Encargada/o	1
Empresa de catering	0
Persoal laboral:	
Oficial 2ª de cociña	2
Axudantes de cociña	3
Persoal colaborador: 10	
<p>O servizo de comedor regularase polo disposto no Decreto 132/2013 do 01 de agosto, e na Orde do 21 de febreiro de 2007 que o desenvolve. A utilización e pago deste servizo está recollido nas Instrucións 04/2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, que o modifica. Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo D (entre 251 e 350 comensais), co que lle corresponden 10 figuras de colaborador, 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes, por motivo de restrición de tarefas por motivos de saúde da oficial 2ª de cociña contamos cunha oficial a maiores. Existe un encargado de comedor que pertence ao sector de país/nais. Funciona en dúas quendas, unha para infantil de 3 anos (13:35 a 14:30) e outra para primaria (14:30 a 15:15). Son usuarios do servizo os alumnos transportados, alumnos que viven a menos de dous quilómetros ou fóra da zona de influencia do centro (gratuíto ou de pago en función do nivel de renda da unidade familiar), cociñeiras e nais colaboradoras (gratuíto) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuíto o día da colaboración e de pago o resto). É preceptivo a presentación do xustificante bancario de pago mensual para poder seguir utilizando o servizo de comedor. O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.</p>	

8. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O presente Plan Anual de Centro para o curso 2017-2018 deberá ser obxecto constante de revisión introducindo nel aquelas modificacións que as circunstancias e a propia dinámica do Colexio demanden, xa que o proceso educativo debe ser algo vivo e que saiba responder á demanda social, en orde a mellorar a calidade da ensinanza e favorecer a convivencia e a coordinación motivadora e enriquecedora dos distintos sectores da Comunidade Escolar.

O procedemento para avaliar a PXA será:

A CCP, mensualmente, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos na P.X.A. cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización. Trimestralmente, o claustro de profesores valorará o grao de cumprimento dos obxectivos faranse propostas de mellora.

Asemade poderá ser revisado cando o requira algún dos sectores do Consello Escolar. Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados..., valoraranse as desviacións, as causas e a súa posible corrección.